

## As Mariscadoras

*A riqueza das rías que conforman a costa galega, entre elas a Ría de Muros – Noia, permite manter viva unha actividade tan antiga como os seres humanos que as habitan, o marisqueo. Iniciado no Paleolítico como parte da tarefa de recollida de alimentos, a súa evolución ó traveso dos séculos fíxoo chegar ós nosos días, convertido na profesión de moitas galegas das que un bo número delas son veciñas nosas.*

O coñecemento sobre o marisqueo e as mariscadoras presenta grandes lagoas ata tempos moi recentes, debido a escaseza de fontes e a súa consideración como actividade secundaria. Sen embargo, un breve percorrido polo noso pasado, amosa tanto a súa importancia como a estreita relación da muller co mar e o campo no seu día a día, tanto na nosa ría como no resto da xeografía galega.

Dito percorrido comeza no Paleolítico. Daquelas, o marisqueo formaría parte da recolleita sendo, por tanto, unha actividade eventual e considerada propiamente feminina que viría a complementar a dieta típica dunha sociedade cunhas formas de vida baseadas na caza e no aproveitamento de froitos que lle ofrecía o medio natural e que pouco a pouco iría intensificándose.

Xa no Mesolítico, as mulleres continuarían atopando na captura de mariscos unha fonte de recursos alimenticios que quizais se incrementase e se especializase. Todo elo complementado con outras actividades como a pesca, caza e a colleita de distintos produtos silvestres.

As probas de recollida de recursos mariños máis antigas dátanse no Neolítico, asociado a Cultura Megalítica, momento no que se desenvolve a agricultura e a gandería, e coñecido co nome de Revolución Neolítica. Sería agora, cando se poñen os cimentos para unha economía complementaria baseada na agricultura e gandería, así como no aproveitamento dos froitos proporcionados polo mar, que se prolongaría entre nós durante séculos e na que a muller tería unha presenza destacada, aínda que tamén invisible e silenciosa.

A continuidade temporal desta actividade marisqueira constatase tanto na Época Castrexa como na Galaico – Romana e na Idade Media grazas (entre outros) a escritos clásicos, destacando os do poeta hispano – latino Marcial, o cal, loa a cantidade, variedade e calidade do marisco e da pesca no noroeste peninsular. No mesmo sentido exprésanse Plinio e Estrabón. Este último aporta datos sobre a muller daquel entón e reforza a idea da súa importancia para a economía naquelas sociedades, fundamentalmente, no cultivo dos terreos, a extracción de mariscos ( e minerais onde estes eran explotados) e demais faenas dos seus fogares.

Case a finais da Idade Media, principios do s. XIV, estaría constituída a fisionomía do hábitat costeiro que chegará ata actualidade. E, aínda que a economía tiña principalmente base agraria, o marisqueo continuou sendo unha actividade importante converténdose nunha rama destacada da pesca e do comercio. Tanto así, que a finais desta época e principios da Moderna aparecen as organizacións gremiais dos mareantes ou confrarías nas poboacións costeiras, as cales seguen existindo a día de hoxe. Nelas, a presenza das mulleres é inexistente ata tempos recentes nos que pouco a pouco, e non sen dificultades, conseguiron facerse co lugar que lle corresponde. Actualmente elas desempeñan distintas funcións dentro destes organismos: patrón maior, membros do cabido, biólogas ou funcionarias. A pesares deste avance, e como en todo ou case todo relacionado coa muller, quedan moitas cousas por facer, polo que hai que continuar traballando para acadalas.

As mulleres son os seres máis activos da sociedade feudal pero tamén as

máis invisibles. Elas como membros dunha familia, marco no cal se desenvolvía todo o traballo, encargábanse tanto das tarefas domésticas e da crianza de fillos e fillas como do traballo extradoméstico, combinando as ocupacións do campo co marisqueo e con outras fora do contexto familiar.

Tanto neste período histórico como nos seguintes, as mulleres xogaron un papel decisivo na vida do porto de Muros e no resto de portos galegos. Ademais do marisqueo (actividade dirixida tanto ó consumo familiar como a súa comercialización), elas vendían peixe en fresco (regateiras), cocían redes, salgaban e curaban peixes, descargaban a cabeza os barcos ... contribuíndo de maneira decisiva a economía familiar. Este estado de cousas manterase nos séculos seguintes e así na Idade Moderna constatase, desde o s. XVI, a participación das mulleres como socias capitalistas nos contratos dos cercos e nas actividades extractivas como se reflicte no seguinte texto do s. XVIII.

*“Villa de Muros: D<sup>a</sup> Antonia Pardiñas, una mujer con abultados ingresos provenientes de su amplia y variada participación en la economía marítima. Se le regulan 2400 reales derivados de 20.000 reales que tiene “dados en lucro” en las embarcaciones de aquel puerto, a razón de un 6% en cada viaje y considerando 2 en el año; es propietaria de una embarcación comercial que lleva una tripulación de 9 hombres y por ella se le regulan 7.700 reales; posee también una pinaza con 6 hombres de tripulación por la cual se le asignan 3.637 reales; por último tiene una lancha de pesca, correspondiéndole 2 reales por cada día que sale al mar, y es tratante en congrio y mercader de vino, por lo cual ingresa otros 1.200 reales”.*

As razóns para elo son dúas. Por un lado a emigración masculina que xunto coas tarefas dos homes mar a dentro, fai que sexan as mulleres as que se poñan ó fronte das propiedades, do traballo produtivo e doméstico, así como das responsabilidades familiares.

Por outro, o sistema da dote e da herdanza. A traveso da primeira, as mulleres obtiñan un patrimonio co que colaboraban na formación dun novo fogar, manténdose donas do mesmo a pesares de estar xestionado polo marido, xa que este estaba obrigado a mantelo enteiro. Dende o s. XVIII, a dote irá perdendo importancia. Con respecto a segunda, a herdanza, a accesibilidade a mesma en igualdade de condicións para mulleres e homes fará que se opte pola matrilinealidade, é dicir, os pais e nais prefiren que queden ó fronte das casas as fillas porque son un elemento máis estable tanto con respecto a emigración como ó traballo no mar onde a mortalidade prematura era moi frecuente. Era esta, unha maneira por parte dos proxenitores e das proxenitoras de asegurarse asistencia na ancianidade ó tempo que se evitaba a división do patrimonio familiar xa de por si minifundista e baseado nunha explotación intensiva, pois en moitas ocasións as herdeiras eran mulleres solteiras.

Entre o s. XIX e os anos 50 do s. XX empezaron a sentarse as bases do marisqueo actual. Faríano mulleres con escasos recursos que atoparían nel unha pequena fonte de ingresos para a súa maltreita economía, pero ademais un elemento diferenciador de clases. Traballarían ó longo de todo o ano, sobre todo, nos días de “mareas vivas” recollendo ameixas que logo trasladaban a unha zona da praia, onde cada unha tiña feito o seu viveiro (reflexo do minifundismo das leiras?) e onde as deixaban quedar, incluso varios días, hasta que aparecía un comprador. Este, podía adquirir o produto directamente ou a través dun comerciante local, tanto para o consumo en fresco como para conservalo. Deste xeito, elas sempre tiñan marisco disposto para a venda, sen ter que depender, exclusivamente, do aportado polo traballo diario.

O berberecho, pola súa parte, sería collido tanto para a súa venda ou troque, polas regateiras, na zona do interior cando non había peixe; como polas familias para o seu consumo: *Cando se cocía — boroa — íase buscar un cesto de berberechos e facíase unha empanada, si había gana dela.* En

calquera dos casos, o mar fornecía ós habitantes da costa cos seus produtos cando estes lle eran demandados.

Dicir tamén que o compaxinan co traballo no campo como seguen a facer moitas mariscadoras de hoxe en día, con outras actividades, unha vez rematada a marea.

Pero a cousa non queda aí e non era raro vela saír ó mar ó lado dun familiar co que traballaban cóbado con cóbado. Isto non vai a deixar a ninguén indiferente senón que provocará posturas enfrontadas. Así, a finais do s. XIX, mentres Cuveiro mostra o seu rexeitamento a este comportamento, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal, deféndeno.

Vai a ser nos anos 50 do s. XX, cando terá lugar o despegue do marisqueo que o encamiñará cara os nosos días. A causa é a crise da agricultura tradicional de finais dos 50 e principios dos 60; pero tamén, tivo moito que ver, o desenrolo económico e industrial desta última década (a dos 60).

Fronte a escaseza de datos de etapas históricas anteriores, nesta ocorre todo o contrario, cóntase cunha amplísima información non debida a fontes escritas, onde máis ben é escasa e as mulleres case non aparecen; senón a elas mesmas. A un grupo de mariscadoras da Parroquia de Abelleira que desenrolaron o seu traballo nas praias da Ría de Muros - Noia durante moitos anos. É o seu testemuño oral o que mellor ilustra a realidade, tanto da súa vida de mariscadoras, como do marisqueo en si; do cal foron as grandes protagonistas. Grazas a todas ( *Marica, Lola da Patorra, Lola de Cadolo, Manola de Cantariño, Caridad, Manuela de Xan Pequeno, Isolina, Carmen de Cantariño, Lola da Xaronda, María da Rosenda, María José da Rosenda, Tona e Pepa da Sabela*) por compartir as súas vivencias con aqueles que non estabamos aquí daquela.

Tratase de mulleres nadas a comezos do século pasado e ó longo da súa primeira metade, e que por tanto viviron en primeira persoa os avatares e incidencias polas que foi pasando o marisqueo hasta chegar a actualidade; algúns dos cales, tivéronas como as grandes protagonistas.

É a partir de 1963, ano de creación do carné de marisqueo ( o da muller era de segunda clase ou clase B porque mariscaban a pé ), cando as cousas cambian. Os únicos requisitos que se debían cumprir para acceder a el, era vivir nunha provincia galega con mar e ter cumpridos os 15 anos. Mais elas non son conscientes de que estivese a pasar algo distinto ó de antes, ó que fixeran sempre. Recordan os comezos da segunda metade do século, como unha continuidade da primeira, no que ó marisqueo se refire.

Pero é mellor que elas mesmas nolo conten.

O marisqueo era a vosa profesión non?

*Para nada. Nos eramos labregas, amas de casa ... Para nada víamos o marisqueo como unha profesión. Aprendíamos o “oficio” desde nenas acompañando as nosas nais e avoas ou incluso as veciñas.*

Entón, non iades a escola?

*Si, si, cando podíamos e antes de ir ou ó vir de volta aproveitábase o que se puidera da marea.*

Por que iades mariscar?

*Íamos mariscar porque era unha forma de gañar cartos para comprar unhas alpargatas, unhas medias, para ir a unha festa ... porque facían falta as pesetas. Traballamos toda a vida, íamos cas vacas e ovellas ó monte e levabamos a roupa para lavar ou amendar mentres aquelas pacían; votábanse os terreos; íamos mariscar... faciamos de todo porque a falta era moita.*

*Mira, alá polos anos 40 as mulleres e os rapaces/zas levaban os porcos á praia para que comesen berberechos libremente. Tamén a xente, incluída a do interior, ía buscar para comer, pero isto, provocaba nela un sentimento de vergoña.*

Por que razón a vergoña?

*Porque ían só os pobres para facer empanada, fritir na tixola con cebola e boroa, comelos crus con boroa e abertos nun tello. Eran tempos duros, tempos de moita fame, acabábase de saír dunha guerra e había o racionamento. As mulleres collían ademais orolas, navallas, mexillóns,... pero era comida de pobres, os ricos non ían. Cartos non os tiña ninguén.*

Que diríades vós desas mulleres que ían mariscar?

*Pois que había de todo, solteiras, casadas, solteiras con fillos e viúvas. Eran todas compañeiras, como se fosen da familia e axudábanse. As maiores ensinaban ás máis novas a escoller o marisco e a enterrar o pequeno (demostrando así, o respecto que tiñan polos bancos marisqueiros e a preocupación porque estes non fosen esquilados), as mellores zonas para mariscar, a usar o sacho para traballar... Por desgraza, como ocorre normalmente, había algunha que era mala compañeira, agochaba o que collía das compañeiras, pero... que se lle ha de facer as cousas son así. As veciñas que non ían mariscar, as ricas, ríanse delas e insultábanas chamándolles “mendigas” e cousas polo estilo. Elas sentían vergoña (de novo ese sentimento) e agochábanse, pero logo, volvían ó seu traballo e así día tras día.*

Pero... cando mariscabades?

*Había fábricas como os Pérez de Muros ou Ecurís que encargaban uns caixóns de berberechos, ameixas e incluso navallas. As ameixas eran para consumir en fresco mentres o demais levábano para conservar. O encargo non nolo facían directamente, facíanllo a unha muller da parroquia que tiña unha tenda e que actuaba como intermediaria entre as mariscadoras e as fábricas. Nos non tiñamos tratos cos das fábricas, nin os coñeciamos. Era ela a que nos avisaba cando había un pedido para que nos o foramos apañar. Ó volver da praia, pesábanos e pagábanos o marisco e enseguidiña viña un camión a buscalo. Podíamos ir unha semana e logo parabamos hasta que houbese un novo aviso.*

*A veda abríase en outubro e cerrábase en marzo pero nos íamos todo o ano a mariscar. Cando non estaba vedado e tiñamos pedido, aproveitabamos todas as mareas, as do día e as da noite, hasta que o mar nos votaba fora. O que apañabamos pola mañá vendíámolo ó mediodía e o que colliamos pola tarde ó outro día. Si estaba cerrada, nos seguimos indo a coller marisco e gardabámolo en viveiros, a espera de que abrise de novo a veda para vendelo.*

*A caramuxa non tiña veda, apañábase todo o ano e vendíase no Freixo, íamos ata alá camiñando polo monte arriba co saco na cabeza.*

E os prezos, que tal eran?

Os recordos non son tan claros ó falar dos prezos, non só debido ó paso dos anos que tamén xoga un papel importante, senón máis ben á gran variación a que estaban sometidos; algunha di recordar vender o berberecho a 10 ptas o caixón, outra a 4 pesos, xusto o dobre, pero en calquera caso as dúas cantidades poden ser certas.

Tiñades algunha roupa especial para mariscar?

*Que íamos ter? Baixabamos a praia coa roupa que tiñamos e que usabamos para todo, todos os días. Si chovía, cubríámonos cun saco, que non nos sacaba a molladura e xa nos cambiaríamos na casa onde tamén secabamos a roupa cerca do lume para volver a poñela ó día seguinte. Íamos todas descalzas, nin para botas tiñamos - din sorrindo para engadir a continuación - quen nos dera estar como daquela.*

E dos aparellos para traballar que me decides?

*Pois que votabamos man das ferramentas que usabamos a diario nos terreos e na casa: sachos, anciños, culleres, etc, calquera cousa que servira para cavar na area.*

Como levabades o marisco ata o lugar de venta o que moitas veces significaba percorrer largos traxectos?

*Á cabeza, igual que faciamos nos terreos. Erguíamos os sacos unhas as outras e, ó chegar, axudabámonos a baixalos Así temos agora os ósos. Os pesos á cabeza e as molladuras non nos deron a vida. Ai! é ben certo . Quéixanse elas, afectadas todas por algún tipo de doenza reumática.*

A diferenza máis destacable entre os 40 e os 50, segundo din, é que nesta última década aumentou o número de compradores de berberecho. Agora viñan camións a comprar o marisco ás praias e logo levábano para as fábricas. Como consecuencia o número de mariscadoras nos areais aumentou e tamén se podía ver algún mariscador, tanto da parroquia como doutros lugares. Por fin perdeuse ese sentimento de vergoña porque agora ían tamén as “ricas”: *As que antes nos insultaban agora eran as primeiras en chegar; cantas voltas da a vida!*”.

*Era tanta a xente, que tiñamos que ter coidado de que non nos roubasen os sacos do marisco. Por isto sempre había problemas. Había verdadeiras liortas porque ti pensabas que tiñas o saco cheo ó teu lado, pero non, xa algunha cho levara, logo mirabas a ver si a vías, porque marcabamos os sacos, e claro se a atopabas reclamábasllo e aí xa estaba montada. Isto pasaba porque non eran verdadeiras mariscadoras, non coñecían o oficio, só querían o peso, non lles interesaba nada máis nin respectaban ningunha cousa (este comentario tamén aparece en repetidas ocasións nas actas das confrarías). Apañaban todo o que atopaban fora grande ou pequeno e logo claro... amolaban a*

venta. Non sabían e non se deixaban ensinar, non se preocupaban pola praia só por gañar cartos. Acabouse o compañeirismo e todo o bo que había antes, agora quen tiña mans tiña mazás.

*Pouco a pouco e segundo ía a menos o marisco tamén as mariscadoras. As que quedabamos e aproveitabamos toda a campaña, recollendo tanto berberecho como ameixa, íamos no coche de liña vendelo ó Freixo, a compradores que tiñan viveiros. As ameixas de lei (fina) íamos xuntándoas incluso durante unha semana, hasta ter uns quiliños; para que non morresen deixabámoslles a area que elas traían e tamén as levabamos a beber ó mar. Si era babosa vendíámolas dun día para outro.*

Como se comportaban os compradores? Pagábanvos ben?

*Non che era nada fácil. Sempre querían sacar beneficio a nosa costa. Cando vían que había moito marisco baixábanlle o prezo; outro tanto facían cando tiñan os camións cheos, por iso era mellor non esperar ó último para vender; cando baldeiraban os sacos de berberechos para pesalos, facían que caesen por fora do caixón porque eses xa non se tiñan en conta. Habíache de todo.*

*Sempre había enfrontamentos con eles. Nos insultábámos e discutíamos con eles pero iso non nos levaba a ningures. Os tratantes ríanse, sabían que dependiamos deles para poder vender o marisco, máis que nada o berberecho que nolo podían chegar a pagar a 3 pesos o caixón ou como máis lles interesase. Tiñan sempre a tixola polo mango.*

Será por iso porque as mariscadoras teñen fama de mulleres conflictivas?

*Quen é o que se deixa asoballar sen intentar defenderse? Ninguén. Se non se metían con nós, nós non nos metiamos con ninguén, pero cando o facían, tiñámonos que defender como puideramos ou non ter sangue nas venas. Nunca empezabamos. Xa bastante duro era o noso traballo para que por encima se viñeran rir de nos aqueles que non o suaban. Nos eramos as vítimas non os verdugos.*

E a chegada do carné ou permiso para ir mariscar que significou para vós?

*Sacábase na Comandancia; os funcionarios tratábannos moi mal, con desprezo, empuxábannos polas escaleiras abaixo e insultábannos. O peor de todo é que non podías facer nada para defenderte, tiñas que calar. E chámannos a nós conflictivas? Si fose hoxe denunciabámos e virían eles, caíalles o pelo, pero daquela... O carné, moitas veces, sacábao a mariscadora soa, pero logo a mariscar, ían todos da casa, sobre todo, os/as fillos/as sempre que non tivesen escola, aínda que tamén podían ir antes da escola ou despois dela, dependía de como viñera a marea. Os/as rapaces/zas criábanse na praia, aprendían desde pequenos (5-6 anos) con súas nais a apañar. E a casa... deixábase un pouco de lado, xa se amañaría cando se volvera de mariscar, total xa a fixeran os albaneis.*

Coa chegada do carné, comeza a controlarse distintos temas: tamaño do marisco, mariscar unha soa marea ó día, estar en posesión do carné, vixiar polas noites... Fronte a unha minoría de mariscadoras que querían seguir co vello sistema de aproveitar todas as mareas, incluída a da noite, aínda que iso

significase andar escapadas; a maioría, acompañaba as autoridades para vixiar e votalas fora porque agora, estaba prohibido mariscar de noite. Como tomaches vós isto?

*Hai, íamos de noite e cando viamos que se acercaba o vixiante, escapabamos e agochabámonos na Agra de Abaixo. Ó outro día íamos vendelos; pasabámolo ben, divertiámonos e ganabamos uns cartos pero non queriamos que nos colleran. En unha ocasión, o encargado pillounos vendendo na Pedregueira e fíxonos ir a todas a Muros á Comandancia e puxéronnos unha multa de 10 ptas. Colleranos pola lista que tiña o comprador. Si che collían traballando levábanche o sacho e era co que logo íamos sachar os terreos; iso si que era unha perda (rinse porque elas consideraban que non estaban facendo nada malo).*

*Agora sentiamos que ir o marisco era un traballo, gañabas cartos para vivir, para comprar o que che facía falta, axudaba moito á economía familiar. Os homes ían navegar e ganaban 300 ptas en aqueles anos e ... todo era bo e facía falta. Mentres tiñas dos que ganaras na praia non gastabas dos que che mandaba o home, aforrábalos ( hai un cambio total na forma de ver o marisqueo, pásase dunha situación de vergoña e agocharse a outra de orgullo por dedicarse a ese traballo. Por fin chegara a súa dignificación).*

Dentro deste contexto, o suceso máis novidoso despois do carné, foi a posibilidade que se lle presentou ás mulleres de poder ir mariscar a Noia.

*Alí ganábanse máis cartos, tratábannos mellor, con máis respecto. Para ir ata alá formabamos grupos e viaxabamos no que topabamos: o coche de liña, camións, tractores... calquera que pasara pola carreteira e que nos levase. Nos xa practicabamos daquela o autostop, pasáronnos moitas aventuras (din isto e vótanse a rir).*

*Marchabamos moito antes da marea baixa porque despois de chegar a Noia tiñamos que ir camiñando uns 5 quilómetros hasta chegar a praia de Testal. Primeiro apañabamos todas, logo cando tiñamos uns sacos cheos, unhas vixiaban para que non nolos roubaran e outras seguían apañando; todas faciamos de todo. Cando acababamos repartiamos a parte iguais e punto.*

E a relación coas de Noia que tal era?

*Nunca tivemos problemas coas de Noia; eramos todas compañeiras e axudabámonos e cando algunha non tiña carné e non podían vender vendíámoslles o marisco algunha das que o tivésemos.*

Pero iso era inxusto para aquelas que si o tiñan, que pagaban para sacalo, non?

*Aqueles eran outros mundos e nin todas se podían permitir pagar o que custaba o carné. Para nós non significaba nada venderlle o marisco, mentres que para as outras, moitas veces, era a diferenza entre pasar penurias todo o ano ou non pasalas. Tamén é certo que algunhas non o tiñan porque non querían, porque eran unhas miserables querían ganalo todo enteiro e non lles chegaba a nada.*

Que pasaba coas mariscadoras maiores?

*Antes do carné, deixaban de ir e xa estaba; cando fixo falta, sinxelamente non o renovaban. Pero isto non quería dicir que non volvesen a ir por marisco, mentres as forzas llo permitían. Mentres vivían, nunca deixaban de ir a praia; ían para comer e collían mexillóns, peixes que quedaban nas furadas das pedras, nécoras, lapas... Algunhas pagamos a agraria porque tiñamos terreos e a lei permitíanos pagala, empezabamos a partir dos corenta e pico ou cincuenta. Iso si, pagabámola, co que sacabamos na praia. A praia deunos de comer de novas e tamén agora de vellas. É verdade que algunhas non quixeron pagar e ó chegar ós sesenta e cinco, tiveron que deixar de mariscar e non cobran nada; depende do que lle dan ós seus homes ou da viuvez. Unhas decidírono así (non pagar), outras non tiveron posibilidade, pois daquela, os cartos facían falta todos para as necesidades da casa.*

Dos anos 70 din:

*O traballo seguía sendo o mesmo pero o prezo do marisco vai aumentando igual que nos anos 80. Estes cartos eran unha mina, rendían máis. Pagábannos, por exemplo, hoxe o de onte; sempre ó día seguinte menos os venres que o pagaban o sábado ou esperabamos ó luns. Sempre había cartos nas casas pero iso, sendo moi importante, non era o que máis contentas nos puña; eses cartiños que ganabamos na praia dábanos liberdade económica con respecto ós nosos homes; si eles ganaban, nos tamén o faciamos. Os nosos cartos eran os primeiros en gastarse, mentres que os dos maridos aforrábanse. Non che podían dicir que che estaban mantendo, eras ti quen co teu traballo na praia, nos terreos e na casa mantiñas á familia e isto facíache sentir ben, independente. Cando chegaba setembro, as nais ían para a praia e os nenos comezaban o colexio, había que comprarlles libros, cadernos, bolígrafos... Non facía falta votar man dos cartos ganados polo pai, xa llos comprabas co que ti ganabas e iso dábache unha gran satisfacción. As mulleres tiñamos liberdade absoluta, nin os maridos nin os pais das que estaban solteiras se metían en nada (refírense a que xestionaban elas eses cartos que lles aportaba o seu traballo); pola contra, botábamos unha man nas labores da casa onde eran empregados os cartos ganados por nós mariscando. Atendían ós vellos e rapaces, si os había, e por suposto ós animais que houbese vacas, galiñas, porcos... mentres nós estabamos nos areais. Entre os dous sacábase a casa a diante. Dos cartos da praia non se aforraba nada, empregábase todo.*

Nos anos 70 e 80 todas cumpríades as normas?

*Habíache de todo. Cando abrían as praias para ir ó berberecho, había quen tamén ía de noite e escondíao nos terreos próximos á praia. Ó outro día, recollíaos, apañaban uns poucos máis e logo vendíanos.*

Por que facían iso?

*Polos cartos e moito por vicio. Era como unha costume e se as collían pois collíanas, era un risco que corrían.*

Ademais de mariscar, faciades algunha outra faena nas praias verdade?

*Si, baixabamos a facer limpeza, sementeiras e traslados de marisco, a confraría avisábanos e nos íamos. Era un traballo voluntario, pero a veces, pagábannos algo, outras non. Tamén fixemos o PPO, un curso que deron na casa dun veciño da parroquia, onde tamén se facían as vodas. Ía quen quería e quen non quería non ía. Había homes e mulleres. Os mestres, dous homes, eran moi amables. Non, non nos acordamos do que ensinaron, algo que tiña que ver co marisco. Houbo mariscadoras que, anos máis tarde, cando foi o do Permex, pensaron que o papel que nos deron daquela, lles chegaba para que lle deran o Permex sen facer o curso. Foron á confraría con el pero nada, non lles valeu tiveron que facer o curso novo si querían o Permex. Foi o mesmo que se non foramos. Fomos alí nada máis que a perder o tempo.*

Como viades que lle desen o carné a persoas con outras fontes de ingresos?

*Mal, era como si nos quixeran quitar o pan de diante. Non dicimos que non os deixaran ir un día a coller unha manchada para comer, iso non os faría menos (refírense ós berberechos), pero así non, porque nuns días acabábanse e logo íamos nos matarnos, apañando un a un para poder xuntar o quilo. Si fose xente con falta (pobres), iso sería outro cantar porque todos temos dereito á vida e nos anos 80 había moitos parados da mariña mercante. Os homes de moitas mariscadoras quedaran sen barco no que ir a navegar e mariscando os dous, normalmente o home a flota e a muller a pé conseguiron saír a diante. Mira, a cousa non tiña que ser tan aberta como daquela nin tan cerrada como agora que a praia é de catro. Pero a confraría era a que decidía a quen si e a quen non lle daba o carné, nós tiñamos que calar, non nos quedaba outra. Íamos por alí, si tiñamos que quitar o carné ou falar dalgún asunto persoal pero non asistíamos a reunións nin nada polo estilo. Non contabamos para nada na confraría, nós as mariscadoras. Si ías protestar por algo, e isto pasou hasta ben entrados os 90, tratábanche como unha ignorante e non che facían ningún caso.*

O máis destacado dos anos 80, refírese ós carnés e ten lugar no ano 87 cando segundo o Decreto 116/87, do 14 de maio, as mariscadoras deben estar en posesión do Certificado de Mariscador/ora para poder obter o carné. Que tiveches que facer para conseguir dito certificado?

*As que levabamos moitos anos mariscando e estando ó día nas renovacións periódicas dos carnés, déronnos o carné sen máis. As outras, tiveron que ir a un cursiño e logo déronlle o carné de mariscadora.*

A vosa xornada laboral sufriu cambios co paso dos anos e os cambios habidos?

*Non, a xornada non se reducía ás horas que pasabamos mariscando na praia. Ademais, tiñamos que facer “o traballo da casa” para o que, segundo os casos, contábase ou no con axuda (con esta denominación fan referencia tanto ó traballo propio da casa como, e sobre todo, ó dos terreos, pois a economía agro mariñeira practicada polas mulleres da costa, seguía presente).*

Dende os 90 ata a actualidade o traballo das institucións (destacando o da Xunta) arredor do marisqueo, especialmente o realizado a pé, intensificase, mostra do cal é o proceso de cambio sufrido polo sector en busca, como non, da plena profesionalización e, ao mesmo tempo, de adaptación á normativa da CEE (Comunidade Económica Europea). Créanse agrupacións sectoriais de

mariscadoras dentro das distintas confrarías polo que carecen de personalidade xurídica propia; celébranse cursos formativos de variada temática; créase a Asociación Areal; a Asociación Agamar; a Administración Autonómica obriga ás mariscadoras a rexistrarse no REM (Régime Especial do Mar) para obter o Permex no ano 2000; pónse en marcha o Plan 10 en 1993, organízanse encontros de mulleres mariscadoras, mini encontros e xornadas ...

Que destacariades vós desta etapa?

*Hai, esta é unha etapa de moita revolución. Do día para noite, as mariscadoras convertémonos en produtoras e en profesionais autónomas con obrigacións fiscais como o IVA e o IRPF; temos unha asociación de mariscadoras, creada dentro da confraría, para representarnos e ó fronte da cal hai mulleres que se fan escoitar, agora temos voz e voto e o noso traballo recoñécese a confraría cun homenaxe ós e ás profesionais do mar todos os 17 de xullo; traballamos no verán aproveitando a chegada de turistas a Muros en vez de facelo en outono – inverno como antes; as vendas fanse na lonxa; temos casetas, o pé das praias, para cambiar a roupa xa que agora traballamos con traxes de neopreno e coa auga ata o pescozo, xusto antes da chegada destes traxes traballabamos con botas ata o peito (algunhas compañeiras aínda as usan).*

*As novidades son moitas pero o que supuxo o verdadeiro cambio, foi o tema do seguro. No ano 1997, xa algunhas, poucas, apuntaranse para pagar o seguro pero a maioría seguíamos mariscando sen máis. No ano 2000 todas nos vimos obrigadas a pagalo si queriamos seguir mariscando, era unha orde da Xunta. Moitas pola súa idade abandonaron xa sen pelexar, outras puxémonos en contacto con Agamar e pelexamos. Ese ano tivemos problemas para acceder ó Permex pero finalmente déranolo de xeito provisional e despois de todo, empezamos tamén a pagalo, e seguimos ata hoxe. Non é que non quixeramos pagar porque si, nin que non entenderamos os beneficios que nos podía aportar o facelo, como as baixas médicas por enfermidade, xubilación, ter médico polo teu traballo etc, que si o comprendiamos moi ben; era pola forma en que nolo empuxeron sen ter en conta idades, nin o que ganabamos porque pagar, pagamos todos os meses pero non gañamos todos os meses, hai que repartir duns para os outros. Pero aínda así, hai compañeiras que o que sacan non lles chega e teñen que votar man do que hai na casa para pagar algún que outro mes. Ademais, non era nin é só pagar o seguro, é tamén vivir. Eles non se pararon en nada, todo lles dou igual. Gustaríame ver como se as arranxaban eles no noso lugar. Eu non sei, pero non habería outro xeito de facer as cousas? Penso, máis, ben que non quixeron ou non lles interesaba. Déronnos, ó primeiro, unha axuda para pagar o seguro e despois cada unha que se apañase como puidera.*

*Para rematar, dicir, que é desta época a pena máis grande que sentimos na nosa vida como mariscadoras, o chapapote. Aquilo foi terrible. As bagoas correron polas meixelas de moitas de nós, ó igual que doutras moitas persoas, naqueles días que nos tocou vivir e que oxalá non se repitan nunca máis na vida. Sentiámonos enganadas ó tempo que impotentes.*

*As mariscadoras de Muros, logo, contratounos Tragsa e empezamos a traballar para ela máis ou menos hasta o verán do ano 2003. Pero os que de verdade fixeron un gran traballo, nunca demasiado agradecida, foron os voluntarios.*

Se é ben certo que a situación mellorou nos últimos tempos, tamén o é, que aínda hai una serie de “defectos” que deben solucionarse canto antes e que se poden entender, por outro lado, como metas a alcanzar. Entre elas, as rendas, o carecer de dereito ó paro, a vacacións, ol relevo xeracional, a contaminación, o status social da profesión, a eventualidade do traballo, o recoñecemento de certas

patoloxías (sobre todo de tipo reumatoides) como doenzas laborais, o furtivismo, marca de calidade, sometemento das agrupacións de mariscadoras respecto ás confrarías, toxinas ... Pero tamén é certo que se segue mantendo o vello esquema de traballo no que as mulleres, cando non mariscan, ou una vez rematada a xornada no mar, realizan traballos no campo e en outras actividades que complementan a súa economía familiar.

Concha Sande Noya

Asociación de Mulleres Rurais Os Hórreos